

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 22/2010, do 18 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

O artigo 31.6º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño, establece que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes serán obxecto de oferta de emprego público.

O artigo 30 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2010, determina que o Consello da Xunta de Galicia poderá autorizar, por proposta das consellerías competentes na materia e co informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos, a convocatoria de prazas vacantes sen superar o 15% da taxa de reposición de efectivos, e que se concentrarán nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren absolutamente prioritarios ou que afecten os servizos públicos esenciais, sen que esta limitación sexa aplicable á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en relación co número de prazas para o acceso ao corpo de funcionarios docentes para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Polo anterior, e tendo en conta a planificación educativa e as prazas vacantes nos distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cómpre a aprobación da oferta de emprego público relativa aos corpos docentes no ano 2010.

Na súa virtude, consultada a mesa sectorial docente non universitaria, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezoito de febreiro de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Aprobación da oferta de emprego público dos corpos docentes.

Apróbase a oferta de emprego público correspondente aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o ano 2010 nos termos que se establecen neste decreto, e de conformidade co disposto no artigo 31.6º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Artigo 2º.-Cuantificación da oferta de emprego público.

Corpo de mestres: 600.

Corpo de profesores de ensino secundario: 272.

Corpo de profesores técnicos de formación profesional: 66.

Corpo de profesores de música e artes escénicas: 29.

Artigo 3º.-Reserva para persoas con discapacidade.

Do total de prazas ofertadas para ingreso reservárase unha cota do 7% do conxunto delas para seren cubertas por persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. A distribución da dita reserva por corpos e especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas. As prazas que queden vacantes da quenda de discapacidade non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

No suposto de que algún dos ou das aspirantes con discapacidade que se presentase pola quenda de reserva superase a proba e non obtivese praza na citada quenda, sendo a súa puntuación superior á obtida por outro persoal aspirante do sistema de acceso xeral, será incluído ou incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Artigo 4º.-Admisión de persoas con discapacidade.

1. Nas probas selectivas para o acceso ás prazas ofertadas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións ca os demais aspirantes.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións físicas ou psíquicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

2. Nas probas selectivas establecerase, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións de tempo e medios para a súa realización. Nas convocatorias indicárase claramente esta posibilidade, así como que o persoal interesado deberá formular a petición concreta na correspondente solicitude de participación.

Para tal efecto os tribunais de selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración competente.

Artigo 5º.-Promoción interna.

Do total de prazas convocadas para o corpo de profesores de ensino secundario reservárase unha cota do 15% para a súa cobertura pola quenda de promoción interna. A distribución da dita reserva por especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas, sen que se poida superar en ningunha delas o 50% das prazas que se convocan. As prazas que queden vacantes da quenda de promoción interna non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

Artigo 6º.-Adquisición doutra especialidade.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá, ademais, convocar o procedemento para que os funcionarios docentes de carreira que dependen directamente dela poidan acadar unha nova especialidade dentro do corpo a que pertencen.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para ditar, dentro das súas

competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezoito de febreiro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Corrección de erros.-Orde do 5 de febreiro de 2010 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no ano 2010.

Advertido erro na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 28, do 11 de febreiro de 2010, cómpre facer a oportuna rectificación:

-Na páxina 1.721, artigo 1º, punto 1, onde di:

2º ESO	300	200 "Vila inglesa" –unha semana-	Residencia	1.400 €	150 €
		100 Francés Francia –dúas semanas-	Residencia	1.400 €	150 €

Debe dicir:

2º ESO	300	200 "Vila inglesa" en territorio español–unha semana-	Residencia	1.400 €	150 €
		100 Francés Francia –dúas semanas-	Residencia	1.400 €	150 €

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 19 de febreiro de 2010 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, atribúelle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20º da Constitución española.

A Lei 13/2009, do 3 de decembro, de servizos sociais, establece, no seu artigo 53, que nos orzamentos xerais da comunidade autónoma se consignarán as cantidades necesarias para facer fronte ao cumprimento dos gastos derivados do exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais, así como á súa participación no financiamento de servizos, programas e prestacións do sistema. Así mesmo, o artigo 54 expresa a obriga dos concellos de consignar nos seus orzamentos as cantidades necesarias para a creación, o mantemento, a xestión e o desenvolvemento dos servizos sociais da súa competencia.

A Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, así como no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traba-

llo e Benestar, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de servizos sociais.

Na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento das subvencións previstas nesta orde, nos estados de gastos correspondentes á Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

Esta orde regula a convocatoria de subvencións ás corporacións locais para o cofinanciamento de programas sociais desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto dos programas básicos que son obxecto do denominado Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais, como doutros programas de actuación, nun primeiro nivel, con sectores de poboación con problemáticas diferenciadas, proxectos destinados a garantir a accesibilidade e supresión de barreiras, servizos de proximidade para a atención ás persoas en situación de dependencia, programas para a educación familiar, investimentos en equipamentos de servizos sociais e proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, todos eles executados polas corporacións locais de Galicia, de conformidade co establecido na normativa estatal básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, normativa a que, en consecuencia, se adaptará esta orde, atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia,